




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Vigo. Municipio: Redondela. Parroquias: Santo André de Cedeira. Extensión: 2,71 km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Unidade con tramo costeiro caracterizado pola presenza da chaira intermareal areoso-lamacentas que aínda que de pequenas dimensións é especialmente visible no seu extremo oriental onde desemboca o único curso fluvial relevante e que chega a formar a praia de Soutelo tamén de escaso tamaño e identificable en marea baixa. A vertente traseira culmina no Pico de San Vicente, aproximadamente a 450 m snm, unha elevación granítica con pendentes pronunciadas que contrastan co aspecto chaira da franxa costeira e sobre todo da metade oriental da unidade modelada sobre materiais máis doadamente erosionables de natureza xistosa.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Pola súa litoloxía, a unidade podería diferenciarse na parte oriental ou metamórfica, e a occidental ou ígnea. Así, ao oeste dominan os granitos de feldspato alcalino que nalgunhas zonas poden presentar facies de gran medio a grosso; pero ao leste combínanse dous tipos de rochas asociadas ao metamorfismo. Aos paragneises con plaxioclasa e biotita e micaxistos, súcedenlle no extremo oriental, os xistos, lousas e paragneises do Complexo de Cabo Home - A Lanzada. Os depósitos do Cuaternario restrínxense ás áreas de praia de Soutelo.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Húmido no que a temperatura media anual supera os 14° C e a amplitude térmica media rolda os 13° C. En canto ás precipitacións rexístranse máximos acumulados de 1400 mm e sen chegar a baixar de 1200 mm ao ano. A vertente norte do Pico de San Vicente recibe as maiores precipitacións que aumentan coa altitude, polo que se define un dominio Cálido e Moi Húmido no que se poden alcanzar ata 1800 mm no cume.

#### OS SOLOS

Sector costeiro con pequena chaira intermareal formada por sedimentos lamacentos e areosos máis visibles ao oeste de Punta da Portela. Na vertente desenvólvense solos tipo cambisol dístrico e dístrico-úmbrico, aínda que na metade occidental da unidade, nos tramos de maior pendente, os solos están menos evolucionados e poden aparecer umbrisoles e regosoles aptos para usos forestais principalmente, e no alto do Pico de San Vicente mesmo os máis pobres leptosoles líticos de perfil esquelético e con afloramentos do substrato rochoso.


#### AS AUGAS

O principal colector fluvial da unidade chega ás Augas Costeiras de Redondela (20158), desembocando na praia de Soutelo, proveniente do Pico de San Vicente, ao sueste. O resto da rede hidrográfica artículase en pequenos vales.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Liña de costa e zonas intermareais e mariñas dentro do LIC Enseada de San Simón. Unidade lateral de esteiro con dominio dos bancos areosos e/ou lamacentos intermareais e submareais superficiais (1110 e 1140). Os acantilados baixos non desenvolven o potencial hábitat que lles corresponde, o 1230 de cantís mariños atlánticos. Ao interior, unidade ocupada en gran parte polo forestal de repoboación. É nas partes baixas da parroquia de Cedeira onde se pode citar algún patrimonio ecolóxico no medio dun espazo densamente ocupado e transformado. Trátase de pequenas masas de especies frondosas autóctonas mesturadas con outras non propias destes ambientes, acompañando as vías de comunicación, na liña de costa da Praia de Soutelo e seguindo o curso do arroyo de Cedeira. É difícil asociar estas formacións a unha orixe concreta, pois a transformación de hábitats naturais modificou a composición das antigas masas e da hidromorfía en ladeira.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

A localización dos usos existentes está condicionada polo relevo que actúa de factor limitante para segundo qué actividades. Nas ladeiras do Pico de San Vicente, predomina o monocultivo de eucalipto e piñeiro, constituíndo o principal aproveitamento de toda a unidade. A franxa costeira, máis chá, concentra o grosso dos usos, compoñendo un sobrecargado mosaico dominado por campos de labor e viñedos entre os que se localizan os núcleos de poboación. Pequenos rodais de bosque de ribeira e bosque mixto completan a caracterización desta zona. No espazo litoral dáse un intenso aproveitamento marisqueiro aproveitando as excepcionais condicións naturais que brinda a chaira intermareal areosa da Ría de Vigo.

#### MORFOLOXÍA

Os asentamentos localízanse ao redor da franxa costeira e estendéndose lonxitudinalmente seguindo o trazado da N-550. A estrutura nuclear básica de aldeas como Cedeira, O Cruceiro ou A Portela modifícase pola aparición de novas edificacións derivadas do crecemento de Redondela e desvinculadas dos labores agrarios. Estas novas construcións xorden aleatoriamente, ocupando terreos outrora agrícolas, conformando un continuo urbano paralelo á marxe esquerda da ría, aproveitando as mellores condicións topográficas. Pola súa banda, o parcelario caracterízase polo pequeno tamaño das explotacións, constituíndose unha paisaxe típica de minifundio sen o reforzo visual do elemento de peche artificial da propiedade. Os terreos en pendente gradúanse formando socialcos que favorecen as prácticas agrarias superando as condicións orixinais adversas do relevo.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A principal vía de comunicación da unidade é a N-552 que, con orixe na Coruña, comunica todos os núcleos costeiros da marxe sur da Ría de Vigo. De forma paralela a esta vía, xorde o trazado da liña de ferrocarril que une Vigo e A Coruña conformando un eixe de comunicacións que acolle un gran volume de tráfico tanto de viaxeiros como de mercadorías. A partir da N-552 xorde unha estrada provincial que comunica Redondela con Trasmañó e dende a cal xorden unha serie de camiños forestais que permiten desprazarse polas ladeiras do Alto de San Vicente.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

As potencialidades deste espazo costeiro son coñecidas dende antigo, feito que se referencia coa presenza de varios depósitos arqueolóxicos que confirman a antigüidade dos primeiros poboamentos desta costa. De entre eles destacan os Petroglifos achados en Santo André de Cedese. O Pazo de Torrecedeira e o cemiterio de Santo André figuran dentro do patrimonio etnográfico no interior da unidade. No extremo occidental, aparecen os restos de antigas fábricas de salgadeira que dan razón do vínculo co mar da poboación e do aproveitamento tradicional dos recursos que tiña lugar como a fábrica de salgadura de Jose e Bao en Ponte Plas.

#### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Nesta unidade predominan os aproveitamentos tradicionais ligados á agricultura que se converte no elemento dominante da escena xunto coa costa. Configúrase, polo tanto, unha unidade na que predomina o seu carácter rural a pesar de que nos últimos anos o crecemento urbano asociado a Redondela se estendeu polo oriente deste espazo e, en consecuencia, modificouse o modelo tradicional de asentamentos. Resulta evidente que é o relevo o elemento director da organización da paisaxe posto que actúa como limitante natural para as actividades humanas e como factor biofísico determinante para a extensión das diferentes coberturas. O resultado destas interaccións é un espazo aberto á Ría de Vigo, cun uso intenso do territorio e das súas augas.

#### DINÁMICA DA PAISAXE

Dende mediados do século pasado as ladeiras do Pico de San Vicente fóronse poboando con monocultivos forestais, que foron substituíndo as matogueiras, transformando un espazo, a priori improdutivo, noutro espazo do que se obteñen produtos de alto valor comercial. Tamén se producen transformacións noutros dous aspectos que resultan fundamentais para comprender a paisaxe actual. Por un lado, o abandono dun bo número de parcelas agrícolas o que significa un cambio no modelo económico tradicional. En segundo lugar, na aparición de novas edificacións que ocupan as parcelas libres e que compoñen a periferia urbana de Redondela, alterando o modelo de asentamentos tradicional caracterizado pola presenza de aldeas como Cedeira ou A Portela.

#### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### 3. AVALIACIÓN

#### VALORACIÓN DA PAISAXE

Trátase dunha paisaxe litoral na que conviven un aproveitamento tradicional do solo combinado con necesidades propias de ámbitos urbanos, produto do intenso grao de artificialización e densidade de poboación. A costa, cos seus entrantes e salientes, conforma unha paisaxe de gran beleza e altos valores ecolóxicos. Dende os puntos de observación propostos (Ponte Pías, Punta da Portela e Penide) é posible contemplar toda o fondo da Ría de Vigo presidido pola ponte de Rande.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |










#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



